

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

[Gómez Caamaño presidiu esta mañá o acto de presentación do novo xerente da área sanitaria de Santiago e Barbanza, Angel Facio Villanueva](#)

O CONSELLEIRO DE SANIDADE APOSTA POR ACADAR UNHA INTERACCIÓN REAL ENTRE A ATENCIÓN PRIMARIA E A HOSPITALARIA PARA MELLORAR O SISTEMA SANITARIO PÚBLICO GALEGO

- O titular de Sanidade da Xunta destaca a aptitude e as capacidades de Facio Villanueva para dirixir unha área que presta servizos asistenciais a preto de 450.000 galegos e galegas
- Recoñece e agradece o labor realizado á fronte da Xerencia durante os últimos sete anos por Eloína Núñez
- Situar Galicia como referente nos tratamentos de cancro e impulsar cambios organizativos, son algunhas das encomendas que o conselleiro de Sanidade lle trasladou ao novo xerente

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2024.- O conselleiro de Sanidade, Antonio Gómez Caamaño, presidiu esta mañá o acto de presentación do novo xerente da área sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza, Angel Facio Villanueva, un acto no que apostou por acadar unha interacción real entre a atención primaria e a hospitalaria, co obxectivo de optimizar os recursos dos que dispón o sistema sanitario público galego.

Na súa intervención, Gómez Caamaño subliñou que a Sanidade pública encara neste momento o difícil reto de transformarse para atender as novas necesidades, tanto as dos seus pacientes, como as dos seus traballadores. "É necesario estar sempre á disposición dos pacientes, dos profesionais e de todos os colectivos", salientou o responsable da sanidade galega.

Respecto do novo xerente da área sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza, Caamaño precisou que o novo cargo que asume Facio Villanueva "é un grande desafío", incidindo en que é coñecedor da súa aptitude, das gañas e das capacidades que posúe o ata de agora xerente da área sanitaria de Ferrol.

Entre outros obxectivos, o conselleiro trasladoulle ao novo xerente da área de Santiago-Barbanza que se deben sumar esforzos para acadar unha maior coordinación entre a atención primaria e a hospitalaria; potenciar os eidos da investigación e a innovación; e impulsar os cambios organizativos necesarios para optimizar os servizos asistenciais que se lle presta a poboación galega.

Pola súa banda, Ángel Facio agradeceu a confianza depositada na súa persoa para dirixir unha área sanitaria que conta con preto de 450.000 pacientes -pertencentes a 46 concellos diferentes-, máis de 70 centros de saúde, 18 PAC, e case 6.000 traballadores. Así, e tras 12 anos á fronte da área sanitaria de Ferrol apuntou que recolle as encomendas do conselleiro de Sanidade con vontade, palabra e traballo.

Durante o acto, Caamaño tamén tivo palabras de recoñecemento para Eloína Núñez quen durante os últimos sete anos dirixiu a área sanitaria compostelá, e quen co seu esforzo e traballou contribuíu ao progreso dun dos buques insignias da sanidade galega.

Entre outras personalidades asistiron á presentación do novo xerente da área sanitaria compostelá, a delegada territorial da Xunta na Coruña, Belén do Campo; o xerente do Servizo Galego de Saúde, José Ramón Parada Jorgal; a directora xeral de Planificación e Reforma Sanitaria, Sofía López Linares; o director de Asistencia Sanitaria do Sergas, Alfredo Silva Tojo; decanos e representantes universitarios; presidentes e representantes dos colexios profesionais, así como xefes de servizo, supervisores e xunta de persoal da área sanitaria de Santiago e Barbanza.

Saúdos do Gabinete de Comunicación da Consellería de Sanidade



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GABINETE DE COMUNICACIÓN DA CONSELLERÍA DE SANIDADE
Edificio Administrativo de San Lázaro - 15703
Santiago de Compostela
T. 881542715
prensa@sergas.es
www.sergas.es

